



NOTA DE PRENSA

Trátase dunha iniciativa conxunta do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e da Facultade de Psicoloxía da USC co obxectivo de reflexionar desde este ámbito

O coidado da saúde mental protagoniza a cuarta edición de "Tempo da Psicoloxía" entre 21 e o 24 de febreiro

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2022. Entre os días 21 e o 24 de febreiro celebrarase a cuarta edición de **Tempo da Psicoloxía**, a iniciativa de debate e divulgación organizada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Ao longo destes días, ofreceranse tres palestras sobre o coidado da saúde mental no ámbito comunitario, no da xente moza e tamén no laboral.

As xornadas serán presenciais na propia Facultade, se ben se retransmitirán de xeito online para o que preciso inscribirse en <http://i.gal/tempo22> Nos últimos tempos, produciuse na sociedade unha gran toma de conciencia da importancia que ten a saúde mental dentro da nosa saúde e benestar, pero ao mesmo tempo, tamén son frecuentes as voces tanto profesionais como da cidadanía que sinalan a carestía de recursos profesionais nos servizos públicos para atendela. Por este motivo, desde a organización considerouse oportuno centrar esta edición nos coidados da saúde mental en contextos como o comunitario, o laboral ou nos educativos.

Cuestións como a prevención, a atención ás necesidades emocionais na adolescencia, a asistencia psicolóxica nos servizos sociais comunitarios, o coidado da saúde mental no traballo, a participación no mercado laboral das persoas con trastornos psicolóxicos ou a capacidade dos servizos públicos para atender as necesidades da saúde mental serán algunhas das cuestións que se tratarán ao longo do ciclo.

Constará de tres mesas durante os tres primeiros días, con profesionais da psicoloxía e outros axentes sociais, sempre ás 18h. O luns 21 comezará a primeira das palestras, co título “Para saírmos mellores: saúde mental na comunidade”, na que intervirán Rosa Cerqueiro Landín, psicóloga clínica e voceira do Movemento Galego pola Saúde Mental; Tania Rodríguez Canitrot, psicóloga do Concello de Piñor (Ourense) e Marcos Lorenzo, xornalista e escritor, autor do libro *Dous escritos sobre a felicidade*, que estará moderada pola xornalista Isabel Bravo.

O martes 22 será a quenda da xente máis nova nunha palestra titulada “Fortalecendo os alicerces: saúde mental na infancia e a xente moza”, na que participarán Begoña Castro Iglesias, psicóloga e orientadora educativa; Mariano Carrero Moure, psicólogo clínico infanto-xuvenil, USM Hospital da Costa, Burela; Ana Fidalgo Clase, estudante do Grao de Psicoloxía da USC; Sara Purcell Sobrino, psicóloga da Unidade de Atención Psicolóxica da USC; e María Alzate Rodríguez, xefa de servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia da Consellería de Educación. Estará moderada pola tamén xornalista Selina Otero.

ORGANIZA



Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela | www.tempodapsicoloxia.gal

Na última das palestras, o mércores 23, será o momento de falar do contexto do traballo, “Coidando a vida laboral: saúde mental no traballo”, moderada polo xornalista Julio Pérez. Nela participarán Carlos Montes Piñeiro, profesor de Psicoloxía Social da Facultade de Psicoloxía da USC, María Botana Rocamonde, Asesora de PRL e RSE na Confederación de Empresarios da Coruña, Adrián Varela Pomar, Técnico de Saúde Mental FEAFES Galicia, Adela Quinzá-Torroja, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

O xoves 24 terá lugar unha conferencia exclusiva para a comunidade académica, con motivo do Día da Psicoloxía Académica, por conta de Marisa Salanova Soria, Catedrática de Psicoloxía Social da Universidade Jaume I.

Tempo da Psicoloxía é unha actividade divulgativa deste ámbito científico e profesional na sociedade, que aborda unha temática concreta en cada edición desde o prisma da psicoloxía, pero en interacción con outros axentes sociais. As tres conversas retransmitiranse a través de ZOOM, con acceso libre e non requiren de inscrición previa.

O acceso online é libre e gratuíto ata completar as 500 prazas dispoñibles, e pode realizarse a inscrición en <https://i.gal/tempo22>.

Saúdos,

Departamento de comunicación:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal

ORGANIZA